

**Ponteareas rende
tributo a
Xosé Represas**

Páxina III

**Entrevista a
Roberto Mera**

Páxina IV

**Festival de Cans 2021
xerou 121 contratacións
laborais**

Páxina V

**A peregrinación de León
de Rosmihal chega á
escola tudense**

Páxina VIII


**A Guarda acolle unha
Formación sobre
"Planificación
Estratéxica Empresarial"**

Páxina X



Abel Caballero promete Mundial de Xadrez en Vigo

páxina XIV



OPINIÓN

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Ten boa saúde a democracia española?

Comezou o ano político 2021-2022 e xa abundan as novas que anuncian síntomas preocupantes. A polarización mediática e política vai in crescendo e deixa no ar varias interrogantes: está en forma a democracia española? A mensaxe dos políticos, é de consensos ou de confrontacións? O que se publica nos medios, son informacións ou interpretacións mediatizadas por intereses políticos?

Sempre é importante acudir politólogos e historiadores que poidan ofrecer algunha luz que explique o que pode estar sucedendo. E non é un caso unicamente ibérico. Limitareime aquí a destacar nomes como os de Juan Linz, Steven Levitsky, Daniel Ziblatt e Anne Applebaum, cos seus estudos sobre as debilidades da democracia e os perigos das condutas autoritarias.

No seu clásico *A creba das democracias* (1978), Linz outorga á actitude da clase política a clave para apuntalar a democracia ou ben contribuír a degradala. Mais recentemente, Levitsky e Ziblatt en *Como morren as democracias* (2018) advirtennos dos indicadores clave que ilustran un comportamento autoritario no seo do sis-

tema democrático. Un deles é significativo porque dalgún xeito asómase na España actual: a tolerancia ao discurso e as actitudes violentas.

Pola súa banda, en O declive das democracias e a tentación autoritaria, Applebaum repasa como os populistas e demagogos medran nas democracias representativas en crise, incluso adicándolle un apartado ao "fenómeno VOX" e o seu impulso vía redes sociais.

No caso español, os síntomas comezan a ser preocupantes cando vemos a unha popular youtuber afirmar sen tapuxos que "hai que comprar armas", que aos de VOX "hai que matalos" e que "matar ás veces é necesario". É preocupante cando xa no 2020 vimos un vídeo dun ex militar disparando contra fotos dos membros do goberno de coalición. Segue a ser inquietante cando escoitamos a un líder político anunciar un "outono quente"; ou cando vemos publicado un artigo dun ex vicepresidente de goberno no que se ilustra unha pistola cos logos do PP e de VOX. E tamén nas manifestacións "neonazis" con proclamas homófobas no madrileño barrio de Chueca.

Incluso é preocupante para a memoria histórica cando vemos pancartas de loas a Stalin en sés municipais ou rúas e prazas adicadas a nomes franquistas. Tamén nas cada vez máis prolíficas referencias públicas que se fan ao "comunismo" e o "fascismo". Cando observamos todo isto, aínda que sexa de xeito simbólico, parecera que estamos asumindo certa "normalización" da mensaxe e da apoloxía á violencia política.



Baixo estes parámetros, como podemos cualificar á actual democracia española? Con matices moi grises. Hai calidade no debate político? Pouco, para ser sinceros. Hai un preocupante retorno (incluso nostáxico) cara o discurso da violencia e do autoritarismo? Vai cobrando forma cada vez máis. Son equilibrados os medios de comunicación? Pouco menos, parecen ser correas de transmisión desas mensaxes de confrontación.

Os partidos políticos e as institucións, teñen capacidade para manter o compromiso democrático e acadar consensos en pro do ben xeral? Dependerá das elites e institucións. Qué intereses hai detrás destes mensaxes violentas, das posturas populistas e demagogas, da nostalxia autoritaria? Intereses partidistas e económicos, onde a cordura precisamente comeza a escasear no debate político. No seu libro sobre a "tentación autoritaria" publicado en 1976, Jean François Revel xa advertía sobre estes síntomas nas consideradas democracias máis avanzadas.

Comeza, si, o ano político 2021-2022. Pero nesta nova etapa, ten boa saúde a democracia española?



Por Manuel Estévez

Pepe o do Restaurante Sotomayor

A poucos metros do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO), sitúase o Sotomayor, ao inicio da encosta Méndez Nuñez. Non é un Centro de Arte Plástico, a xulgar polo nome, senon un espazo culinario rexentado por un galego emigrante a Alemaña e despois do retorno, asentouse no corazón da cidade olívica para crear o seu propio mundo.

Productos de primeira calidade, regados polos caldos engarrafados nas adegas Regina Viarium da Ribeira Sacra os tintos ou brancos chegados do Condado de Salvaterra de Miño, da Adegas Señorío de Sobral, un negocio a medio camiño entre cantina tradicional galega e cervexería ao estilo alemán, onde o cocido e o lacón con grelos son un referente alen doutras exquisiteces saídas dos fogóns, ben sexa, Codillo alemán, Manilla asada, a mesma peza que se utiliza na "Carne o Caldeiro" e no verán Paella ou ameixas con fideos, sen esquecer a Noite Alemana, unha xornada con Porco Celta, figurando durante 15 anos en "Le Routard" guía Francesa

igual que no libro "Las recetas de nuestros Restaurantes" de Pepe Cadavedo.

Pepe, unha singular persoa, feito a sí mesmo como moitos galegos que emigraron, neste caso a Alemaña, onde a inserción na sociedade dese país foi extraordinaria, rexentando un negocio de productos españois baixo a denominación de "Bodegas El Cid", conectando asíña cos alemáns, alen da integración en movementos asociativos, desde os 16 anos ata ser candidato dunhas eleccións municipais polo partido CDU.

Enak Ferlemann, destacado político conservador e Secretario de Estado, visitouno en varias ocasións na cidade do olivo, onde o galego retornou por motivos persoais e para poñer en marcha o Restaurante que leva o nome do pintor ferrolán Sotomayor, o mesmo que fora director do Museo do Prado e aquel que estivera, en O Condado Paradanta para pintar unha tela de 1,98x2,12, "A Procesión da Virxe de A Franqueira", na actualidade no Centro Galego de Bos Aires, exhibíndose no Salón

Principal.

Na sala de xantar en Vigo, podense ollar copias de obras do artista galego, "Cariátide", "O almorzo do Abade", "Celebración da Festa", nunha Comida de Boda en Bergantiños, un estudio para o cadro de San Vicente Ferrer, así como fotografías de personaxes do mundo da cultura e política que se sentaron noutrora e na actualidade na sala de xantar deste negocio.

Alberto Medina ou mesmo dicir o "Picasso dos Andes" a quen coñecera en Bon cando era a capital da República Federal Alemana, o mesmo que o visitou mais dunha vez, inclusive exposición no local que noutrora fora unha peña taurina, por onde tamén andaba o inesquecible bardo Carlos Oroza e aínda que non penduran fotos, son ou foron clientes, Carlos Nuñez, pai do gaiteiro, Leo Harley, Abel Caballero, alcalde da cidade, Uxia Blanco, atriz e concelleira; Jandro Rodríguez, granadino o que ideou



a escultura de Manuel Castro, vendedor de Faro de Vigo, ubicada a poucos metros, así como o inesquecible Xosé Guillermo que puxera en marcha a Fundación Nautilus, mesmo ao lado da porta.

Pepe estivo estos días en Alemaña para matar la saudade e reencontrarse cos seus e tal vez saudar a Canciller federal, Angela Merkel, que tanto defendeu.

Ponteareas rende tributo a Xosé Represas

Emotiva homenaxe ao seu alcalde falecido en maio pasado

Por Roberto Mansilla Blanco

O CEIP Nosa Señora dos Remedios de Ponteareas foi o escenario este 25 de setembro da homenaxe que Ponteareas realizou ao seu ex alcalde Xosé Represas, falecido o pasado mes de maio tras unha longa enfermidade. O acto foi convocado pola Agrupación Municipal do BNG, co apoio do Concello de Ponteareas.

En 2015, Xosé Represas converteuse no primeiro alcalde nacionalista na historia municipal de Ponteareas, cargo que ocupou ata o pasado 29 de abril, cando viuse na obriga de renunciar por problemas de saúde. Represas faleceu o pasado 24 de maio, á idade de 65 anos.

A homenaxe a Xosé Represas acolleu unha nutrida representación, tanto política como de centenas de veciños ponteareáns. No mesmo estiveron presentes, ademais da súa familia, a alcaldesa Cristina Fernández Davila; a voceira nacional do BNG, Ana Pontón; o deputado do BNG ante o Congreso dos Deputados en Madrid, Néstor Rego; a representante do BNG en Bruxelas, Ana Miranda; o deputado (BNG) no Parlamento galego, Bieito Lobeira; o ex conselleiro de Medio Rural (BNG) durante o bipartito (2005-2009) Al-

fredo Suárez Canal, así como o alcalde nacionalista das Neves, Xosé Manuel Rodríguez, e o tamén nacionalista ex rexedor de Salceda de Caselas, Marcos Besada, entre outros. Tamén estiveron presentes representantes do goberno municipal, amigos e coñecidos do ex alcalde ponteareán.

O acto comezou cunha interpretación realizada por diversas agrupacións de gaiteros e de música tradicional e popular galega de Ponteareas. Tamén participaron con emotivas palabras para Xosé Represas e a súa familia a escritora Isabel Blanco o poeta Kiko Neves, toda vez tamén fixeron presenza as agrupacións Son da Rúa e Voces de Arrieiro, confirmando eles mesmos o compromiso de Represas coa cultura e o patrimonio ponteareán.

No apartado das intervencións das autoridades presentes, o responsable do BNG en Ponteareas, Nemesio Boente, expresou que "Pepe nunca se foi" e lembrouno como "un exemplo a seguir".

Pola súa banda, Ana Pontón cualificou a Represas como "o mellor alcalde da historia de Ponteareas" polo seu compromiso en facer da vila do Corpus "o noso fogar", unha cidade "máis solidaria, humana e feliz".

A alcaldesa Cristina Fernández

Davila lembrou esas ideas que impulsaron a xestión municipal de Xosé Represas: "outra Ponteareas é posible" e a súa humildade na súa despedida do cargo municipal: "fixen todo o que puiden".

O acto de homenaxe finalizou coa emisión do documental "Xosé Represas. Soñar o imposible", un perfil humano sobre a traxectoria política e profesional do falecido rexedor ponteareán, cuxa lembranza está moi presente na memoria da veciñanza de Ponteareas, da Comarca do Condado e da política galega en xeral.



"Agora só queda traballar como el o fixo"

En declaracións ao noso medio, a rexedora ponteareá Cristina Fernández Davila quixo tamén transmitir como foi a súa relación con Xosé Represas e os retos que afronta ao substituílo ao fronte do Concello de Ponteareas.

O legado de Xosé Represas. Vostede é a súa sucesora ao fronte do Concello. Como foi a súa relación co ex alcalde?

A miña relación con Xosé Represas ven do ano 1990. Fomos veciños, amigos e logo compañeiros de partido. Calquera persoa que tivera a honra de traballar con el aprendía día a día. Era unha persoa cunha gran cultura, cunha gran capacidade de diálogo e de negociación. Para min é todo un orgullo a oportunidade que el me brindou. Todo o que el me foi ensinando durante



todos estes anos.

É un gran reto substituír a unha persoa que deixou un gran legado aquí en Ponteareas?

É unha honra, un orgullo pero tamén unha gran responsabilidade. O seu legado é moi importante, moi grande. Agora só queda traballar como el o fixo. Con moito ahínco, con moitas ganas, sempre representando e defen-

dendo os intereses da veciñanza. **Cal cre é o gran legado de Xosé Represas para Ponteareas?**

Unha maneira distinta de facer política, pensando sempre no interese xeral. As grandes consecucións foron grandes logros como desatascar o Plan Xeral e grandes temas para Ponteareas, ter a visión dunha cidade moderna e diferente.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

ENTREVISTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez

Roberto Mera Covas

“Cristina Fernández, a mellor alcaldesa agora e no futuro”

Días pasados a cidadanía celebrou un acto na memoria do primeiro alcalde nacionalista do Concello de Ponteareas. Falamos con Roberto Mera, concelleiro e amigo do finado.

Pola estreita relación política e persoal co homenaxeado alcalde difunto, díganos que representou o ex-alcalde Represas na vida política de Ponteareas?

Sen dúbida representou un antes e un despois en todos os aspectos: dende o punto de vista histórico, pois a dereita viñera gobernando de forma ininterrompida en Ponteareas dende 1936 até que Represas acadou a alcaldía converténdose ademais no primeiro alcalde nacionalista da nosa historia; dende o punto de vista democrático, pois as formas democráticas implantáronse no Concello non en 1978 senón coa chegada de Represas á alcaldía e dende o punto de vista da xestión porque con el chegou a capacidade, a competencia e a planificación ao concello que se evidenciou co seu saneamento económico e saída da bancarrota en apenas 4 anos e a redacción dun plan estratéxico para transformar Ponteareas que foi recoñecido pola Unión Europea cun investimento de 5 millóns de euros. E por suposto, a chegada de Represas deu sentido a un longo traballo feito dende había varias décadas por unha forza política, o BNG, a quen ninguén lle regalou nada e que grazas ao esforzo de moitas persoas que formamos parte deste proxecto, pa-

samos da marxinalidade absoluta a comezos dos anos noventa a gobernar e ser a forza con máis apoio social en Ponteareas.

Os que coñecemos todo o proceso levamos tempo preguntando por que na penúltima lexislatura vde. se apartou e propugnou que Pepe Represas fora o número 1?

Entre 1995 e 2007 fun candidato á alcaldía do BNG; nese período o nacionalismo en Ponteareas pasou de pouco máis de 300 votos a máis de 3600, multiplicando por dez os seus apoios. Porén, liderar a oposición durante máis de 16 anos supón un desgaste moi grande, non só persoal, senón tamén política e socialmente, logras moitas adhesións pero tamén moitas aversións. Para dar o salto e ser hexemónicos, logrando o apoio dunha maioría social era necesario que o proxecto estivera liderado por alguén que non crease rexeitamento nunha parte da poboación. Xosé Represas representaba claramente ese perfil e o tempo demostrou que aquela decisión foi un acerto, non só para min persoalmente porque me permitiu atender outras cuestións do meu proxecto vital coma a miña carreira profesional, senón tamén e sobre todo, para Ponteareas, porque marcou o inicio

do cambio que hoxe desfrutamos no noso concello.

Hoxe que xa non está. Pensa, en honor da súa amizade, presentarse nas vindeiras eleccións para ocupar o posto de Alcalde que "o seu protexido" (permítame a expresión) Represas ven de deixar?

En ningún caso. En 2023 estou seguro que o BNG proporá e os ponteareáns elixirán alcaldesa a Cristina Fernández Davila, teño moi claro que é o mellor para Ponteareas, como xa se está constatando na actualidade coa súa enorme capacidade de traballo e coñecemento profundo do Concello logo de tantos anos traballando man con man con Pepe Represas. Por outra banda, eu estou no goberno porque Represas considerou en 2019 que era bo para o proxecto que participara na candidatura para contribuir a lograr un maior apoio electoral e para axudar no goberno na medida das miñas posibilidades. Aceptei sen dubidalo o ofrecemento de Pepe porque era unha obriga moral con el e co BNG. Pero non forma parte do meu horizonte persoal aspirar a ser alcalde, non é a vida que quero para min no futuro.

Vde. ven de convocar aos cidadáns para darlle a coñecer o que o Goberno actual pretende



conseguir cos cambios introducidos nas infraestruturas da vila, sobre todo, cre que o van entender?

Somos un goberno comprometido coa democracia real, non só formal e que demostramos día a día, con continuos procesos participativos, que aínda que asumimos a nosa responsabilidade de gobernar e de levar a cabo o noso programa de goberno tamén damos a palabra á veciñanza para coñecer as súas ideas, as súas opinións e os seus desexos para que, na medida que sexan compatíbeis co noso programa que recibiu un apoio maioritario, enriqueza a nosa acción de goberno. Non se trata de entender ou non entender, non somos déspotas ilustrados; trátase de implicar na nosa acción de goberno a todas aquelas persoas que comparten o noso modelo de Concello para o futuro de Ponteareas e tentar atraer a aqueles que non o compartiron até hoxe.

Falando disto, non pensou en propugnar un servizo aos clientes ofrecéndolles a posibilidade de que unha brigada de xoves e non tan xoves puidera levar as compras dos cidadáns

dende os supermercados e dende a Praza de Abastos ata os respectivos aparcadoiros? (Fágale esta pregunta pola mágoa que me produciu ao ver dos anciáns cargados con varias bolsas dende o Gadis ata o aparcadoiro do Sportivo).

En realidade ese é un servizo que xa prestan hoxe en día todos os supermercados. Calquera persoa pode facer a súa compra nun supermercado -ou tamén por internet- e solicitar que lla leven a casa. Polo tanto non é imprescindible que ninguén vaia cargado até o coche cunha compra dun supermercado. En todo caso, o noso modelo de mobilidade permite que os vehículos entren nas zonas restrinxidas ao tráfico cando se trata de cargar ou descargar obxectos que polo seu volume ou peso non poden ser transportados a pé.

Este xornal ofrécelle a oportunidade de engadir algo máis que entenda pode interesar aos nosos lectores.

Simplemente aproveitar a ocasión para agradecerlles e felicitalos a vostedes polo seu traballo de información local que é fundamental nunha democracia.

Optica mahen
mahen
Opticos desde 1939

Nº Reg. Barrio 2-30-000036
PONTEAREAS
rúa sanén canido, 4

CONFITERIA
Regino

Especialidade en
rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

O PORRIÑO/ MOS

A alcaldesa convidou á vicepresidenta Yolanda Díaz a visitar Porriño

A alcaldesa Eva García convidou a Yolanda Díaz, vicepresidenta segunda do goberno e ministra de Traballo a visitar Porriño. A invitación foi enviada por carta, xunto con dous libros sobre Porriño e o arquitecto Antonio Palacios nos que Yolanda Díaz amosara especial interese.

Eva García e a vicepresidenta coincidiran nunha cerimonia no Círculo de Belas Artes de Madrid, o pasado 10 de xuño, con motivo da presentación dun deses libros, "Trazar a mirada. Caderno de viaxe Antonio Palacios", obra de Alvaro Bonet.

Na carta que Eva García enviou a Yolanda Díaz, lémballe á vicepresidenta que lle pedira que



lle fixera achegar en lingua galega tanto ese libro de Alvaro Bonet como o de Xosé Ramón Iglesias e Xosé Ramón Paz, "Antonio Palacios. Unha viaxe por Galicia" que recolle material inédito dos debuxos que o propio Palacios realizou no seu camiñar por Galicia e o goberno de Eva

García rescatou.

A carta da alcaldesa remata reiterando a a invitación para que a vicepresidenta Yolanda Díaz visite esta vila "cando a túa axenda o permita e da miña man, poder coñecer o gran valor arquitectónico e artístico da obra de Palacios".

Festival de Cans 2021 xerou 121 contratacións laborais

A celebración do XVIII edición do Festival de Cans, deixou datos que a organización valora como "moi positivos e esperanzadores", no complexo contexto da pandemia. Nesta edición de 2021, o certame dobrou o número de espectadores, ata chegar ás 5.000 persoas que pasaron presencialmente polas diversas actividades do festival nos seus catro días de duración.

Igualmente, o Festival aumentou nesta edición o número de contratacións laborais, chegando ás 121 persoas, fronte as pouco máis de cen contratadas en 2020, así como aumentou o número de provedores locais, contratando servizos a case 40 empresas locais. Das 121 contratacións realizadas, 54 foron contratacións directas,

relacionadas con produción, merchandising, traballo en barras ou transporte; 18 de servizos de autónomos relativos á comunicación, produción musical, deseño gráfico ou programación, e 49 de contratación indirecta de empresas que prestaron servizos ao festival, como no caso da limpeza e hixiene, seguridade privada, electricidade ou servizo de catering.

A maioría das persoas contratadas pertencen ó Concello de O Porriño, moitas á propia aldea de Cans, e o resto proceden de concellos limítrofes como Mos ou Salceda de Caselas. Por outro lado, as curtametraxes das seccións competitivas de ficción e animación da última edición do Festival de Cans estiveron disponibles en liña ata o 19 de setembro.

Míriam Martínez, nova responsábel local do BNG no Porriño



O BNG renovou a súa dirección no Porriño escollendo a Míriam Martínez Troncoso como a súa responsábel local, quen coordinará unha equipa composta

tamén por Menchu Pereira, Cesar Lourido, Élia Lago, Marcelo Rodríguez, Ana Bastos, Manuel Sánchez, Pedro Pereira e Cami Moreira.

Míriam Martínez, de 39 anos,

participou como concelleira na segunda lexislatura do goberno nacionalista no Porriño (2007-2010) e no 2011 foi candidata ao Senado pola provincia de Pontevedra.

Convenio Mos-Deputación para seguridade viaria

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o tenente alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Camilo Augusto, informaron da recepción do convenio que regula o mantemento dos semáforos nas estradas provinciais

que pasan polo municipio e que viñase pedindo desde fai meses á Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, Camilo Augusto e a concelleira da parroquia de Guizán, Julia Loureiro, parroquia por onde pasa un dos principais

viais provinciais que atravesan o municipio, a estrada EP-2602, denunciaron o "lamentable estado de abandono no que a limpeza viaria se refire das vías provinciais ao seu paso por Mos en xeral e desta estrada en particular".

BNG pedirá explicacións por actuación da Garda Civil na Volta ciclista en Mos



O deputado do BNG en Madrid, Néstor Rego, anunciou que a súa formación reclamará ante o Ministerio de Interior polas identificacións inxustificadas e sen amparo legal que a Garda Civil realizou a persoas que asistían como espectadores, na localidade de Mos, á Volta Ciclista.

Rego demandou que se investiguen os feitos e se depuren responsabilidades pertinentes e establecer as sancións ante esta actuación da Garda Civil que vulnera liberdades e dereitos civís da cidadanía.

Na penúltima etapa da Volta Ciclista, entre Sanxenxo e Castro de Herville (Mos), a Garda Civil identificou a varias persoas vinculadas a diversos colectivos de protección do medio ambiente e comunidades de montes que presenciaban o evento. Estas persoas mantiveron en todo momento unha actitude pacífica, sen interferir na orde pública. Rego lembrou a efectividade da Lei de protección da seguridade cidadá, que recolle de maneira expresa o dereito da persoa á que se solicite que se identifique de ser informada de modo inmediato e comprensível.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Verónica Tourón cumpre 100 días como alcaldesa de Salceda

Alcaldesa socialista exerce como tal despois do acordo alcanzado nas pasadas eleccións municipais. Para o goberno as liñas de traballo fundamentais son: infancia e mocidade coa creación da Concelaría de infancia; o rural e o medio ambiente coa mellora do saneamento, a recollida selectiva de residuos e a mellora de estradas e camiños; o emprego con programas de formación que aumenten as oportunidades dos desempregados; a mellora das instalacións do CDL; a creación da

marca comercial e as axudas directas ás pemes, comercio e hostalaría; o Plan Xeral, para mellorar a calidade de vida (infraestruturas, servizos públicos, etc.), polo que se está a traballar na súa posta en marcha; a organización do Consello Veciñal para dar eco aos veciños e veciñas; o Plan de posta en valor das edificacións municipais como os proxectos de rehabilitación do Centro Social A Devesa, piscinas municipais e recuperación de aulas ou casas do mestre nas parroquias.

Movemento Salceda tamén valora positivamente os primeiros 100 días sen alcaldía.

Para MS, estes primeiros cen días dende o relevo ofrecen un balance positivo, con un bipartito unido traballando man a man e continuando os proxectos da etapa anterior para transformar Salceda.

Loli Castiñeira, voceira de Movemento Salceda, e actual tenente de alcaldesa, asume ademais a área de vías e obras, que se sumou ás que xa ostentaba ata entón: persoal, igualdade e coordinación de proxectos.

Aberto o prazo para solicitar as axudas á hostelería e pequenas empresas de Salceda

O Concello de Salceda de Caselas informa da apertura do prazo para a solicitude das axudas de aos sectores máis desfavorecidos da pandemia. O orzamento destinado ascende a 26.714,95 euros dentro da liña 2 do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, e a contía ascende a 500 euros por solicitante.

Estas axudas están dirixidas a persoas autónomas, establecementos de hostalería, comercio e pequenas empresas de ata 10 persoas empregadas, que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Salceda e que cumpran os requisitos que se establecen nas bases.

A finalidade destas axudas é paliar nalgunha medida o impacto na actividade económica que deixaron as distintas restricións e peches perimetrais por mor da pandemia.

Subvencionaranse gastos de alugueiro, tanto bens mobles como inmoables, arrendamento de maquinaria e vehículos, gastos financeiros directamente relacionados coa actividade, servizos de xestión, asesoría e consultaría, gastos de subministracións, seguros



A alcaldesa e concelleira de comercio, Verónica Tourón Domínguez.

vinculados á actividade económica, mantemento de comunicacións e compra de mercadorías relacionadas coa actividade.

As axudas serán directas e con carácter finalista, non podendo ser empregadas para outros fins, pero compatibles con subvencións doutras administracións. A concesión da subvención será a través de concorrencia non competitiva e o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte a publicación no Boletín Oficial da Provincia (BPO 21 de setembro)

Salceda realizará un obradoiro dual de emprego "Sustentable" con Salvaterra

O Concello de Salceda de Caselas, xunto co de Salvaterra de Miño, ven de recibir unha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade de 346.986 euros para a realización do proxecto dun obradoiro dual de emprego denominado "Sustentable".

O obradoiro contará con dúas actuacións, unha na especialidade de Servizo de limpeza e xestión de residuos urbanos, no que se

realizarán tarefas de limpeza e mantemento de superficies e mobiliario en edificios e locais municipais, e outra actuación na especialidade de Forestal-xardiñería, no que se porá en valor o parque forestal Monte Castelo, na parroquia de Pesqueiras, no Concello de Salvaterra.

Serán beneficiarias 20 persoas, tendo prioridade os colectivos con maior dificultade na inserción laboral, e percibirán un salario equi-

valente ao salario mínimo interprofesional, cun contrato de formación e aprendizaxe de nove meses, destinándose 221.378 euros da subvención á contratación.

Contratarase persoal directivo, docente e de apoio, e xestionarase e execución dende o propio CDL O Torrón en Salceda, onde se levará a cabo a etapa formativa, e que se complementa cunha segunda etapa de alternancia de traballo e práctica profesional.

Estrea da Marca Comercial #ConSalceda

O Concello de Salceda de Caselas pon en marcha a súa propia Marca Comercial #ConSalceda a través dunha subvención da liña 2 do Plan concellos da Deputación de Pontevedra de 11.744,49 euros.

Trátase dunha iniciativa que impulsa o concello e que conta coa colaboración das Asociacións de Comerciantes da vila e das praceiras/os. Buscan fomentar o consumo local, para reiniciar a vida social e económica de Salceda, despois das consecuencias da pandemia.

"ConSalceda" ten como finalidade converterse nunha marca de referencia para dar visibilidade a todo o comercio local, a hos-



talería, o mercado municipal e a Praza de Abastos. Unha marca comercial que identifica Salceda a través de valores implícitos valores como o de traballar xuntamente para por en valor "o noso".

A iniciativa terá visibilidade a través de redes sociais, publicidade en medios, organización de actividades de dinamización e outras accións que se irán poñendo en marcha ao longo dos próximos meses.

O pleno completa o paquete de medidas para paliar os efectos da subida do IBI

O Pleno de Salceda ven de aprobar por unanimidade a proposta do goberno local de novas medidas fiscais para paliar os prexuízos económicos para a veciñanza derivados do proceso simplificado de valoración colectiva levado a cabo pola Dirección Xeral de Catastro no Concello. Serían bonificacións dun 90% sobre a cota íntegra do imposto nas parcelas que non teñen a superficie mínima para edificar, é dicir as de menos de 450 m², e nas parcelas que non cumpren os parámetros

urbanísticos por inedificabilidade temporal. A aplicación desta bonificación levarase a cabo a petición do titular do inmovible e debe ser solicitado anualmente.

Estas medidas únense as xa tomadas polo concello, como a creación dunha oficina de atención e asesoramento no propio concello, a solicitude para que o ORAL dosificase os recibos dos catro anos de retroactividade, a ampliación de prazos nas xestións con catastro e a rebaixa do tipo impositivo ao mínimo legal pasando dun 0,5€ ao 0,4%.

SALCEDA DE CASELAS

A alcaldesa de Salceda de Caselas convocou unha sesión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade

A alcaldesa de Salceda, Verónica Tourón e a subdelegada de goberno Maica Larriba presidiron a Xunta Local de Seguridade Extraordinaria, convocada de xeito urxente para tratar a problemática de orde público que sofre a vila nestes últimos fins de semana.

Abordouse a situación que se está a producir debido ás aglomeracións de persoas na rúa Pontevedra, nas mediacións da zona de ocio nocturno. Situación que se intensifica despois do peche dos locais á hora que esixe a lei, non permitindo o descanso e a boa convivencia da veciñanza.

Nestas aglomeracións prodúcese conductas que xa deron orixe a sancións por parte da Garda Civil e Policía Local que intensificaron a súa labor de vixilancia. A pesar deste aumento da vixilancia o problema persiste, polo que a alcaldesa, Verónica Tourón solicitou apoio á subdelegación de goberno.



Na Xunta Local de Seguridade, nas que estiveron representadas as forzas e corpos de seguridade da Garda Civil e da Policía Local, ademais da Tenente de Alcaldesa Loli Castiñeira e a concelleira de seguridade Lucía Pereira, chegouse ao acordo de que dende os corpos e forzas de seguridade, garda civil e policía local, en función de como se desenvolvan os acontecementos se poñan a disposición do concello de Salceda de Caselas todos aqueles recursos que sexan necesarios, mentres

esta situación xere inseguridade e inxedanzas na poboación.

Verónica Tourón, alcaldesa de Salceda fixo unha valoración moi positiva do acordo acadado nesta Xunta Local de Seguridade, coa subdelegada de Goberno. O ocio nocturno debe ser compatible co benestar e descanso da veciñanza da zona, polo que concello, subdelegación e forzas e corpos de seguridade traballarán coa máxima coordinación e con todos os medios dispoñibles para que isto sexa así.

Salceda lanza a campaña “Sen Clientes non Hai Explotación”

No marco do programa DINA financiado pola Deputación de Pontevedra e a través da área de Igualdade que dirixe Loli Castiñeira, o Concello de Salceda de Caselas impulsa a Campaña “Sen Clientes non Hai Explotación”, unha acción de sensibilización cidadá contra a prostitución e a explotación sexual que pon a lupa nos clientes e consumidores de prostitución.

Esta campaña está contemplada como unha das 63 medidas do II Plan de Igualdade de Oportunidades de Salceda de Caselas, aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas no pleno.

A campaña comezou a desenvolverse o 23 de setembro, data conmemorativa do Día Internacional Contra a Explotación Sexual



e o Tráfico de Mulleres, Nenas e Nenos. Conta con cartaces e pos-tais que se repartirán por toda a vila e que inclúen o lema da campaña “Sen Clientes Non Hai Explotación” e aporta datos sobre esta forma de escravitude en pleno século XXI.

Castiñeira destacou que a campaña quere ter un amplo perco-

rrido nas redes sociais e por elo empregaranse os hashtags #SalcedacontraaTrata #SalcedacoasVítimas e #SenClientesNonHaiExplotación. No marco da Campaña celebrouse tamén unha mesa redonda ao redor deste tema na que participou, entre outras, M^o Xosé Queizán, escritora e activista abolicionista galega.

Salceda repartirá 30.000 euros entre as comunidades de augas este ano 2021



O Concello de Salceda de Caselas publicou no boletín oficial da provincia as bases das subvencións dirixidas ás comunidades de persoas usuarias de augas para o ano 2021, co obxectivo de que melloren as súas instalacións.

Poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións de persoas usuarias de augas legalmente constituídas, mediante un proceso de concorrencia competitiva. O obxecto da convocatoria é subvencionar obras, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos asociados a melloras en diversas áreas de actuación, como a cap-

tación de fontes e pozos, o mantemento e conservación dos sistemas de almacenamento e a potabilización, reparacións na rede de distribución ou o mantemento e conservación de instalacións.

As entidades beneficiarias poderán recibir como máximo o 70% do orzamento presentado e ata un máximo de 5.000 euros por Comunidade de augas.

Verónica Tourón, alcaldesa: “Salceda conta por primeira vez con 30.000 euros no seu orzamento para subvencións a traídas de augas parroquiais. Unha axuda que revertirá nun mellor servizo á veciñanza do noso rural”

O Consello Veciñal de Salceda terá representación de todos os sectores

A primeira reunión do Consello Veciñal de Salceda acordou actualizar o Rexistro Municipal de Asociacións, que conta cun total de 49 asociacións do eido educativo, cultural, social, veciñal, comercial, deportivo, de montes, entre outros, e decidiu celebrar a súa sesión constitutiva do consello o próximo 18 de novembro.

Na reunión debateuse o borrador de regulamento interno no que se define o Consello, a súa composición, as funcións e como van a desenrolarse as sesións,

que se celebrarán como mínimo cada seis meses. A presidencia corresponderalle a alcaldesa Verónica Tourón, que é responsable ademais da área de Participación Veciñal e participarán no consello ademais tres concelleiros/as designadas pola alcaldesa e unha persoa representante de cada unha das asociacións.

O rexistro de asociacións segue aberto e tamén segue aberta a opción a participar no Consello, solicitándoo en calquera momento, xa que se trata dun órgano aberto.

LOURINHA

TUI

Subvención de 600.000€ para a reforma do Centro Municipal de Piragüismo de Tui

O Concello de Tui vén de recibir a comunicación por parte da subdirección Xeral de Promoción e Innovación Deportiva da concesión por parte do Consello Superior de Deportes dunha subvención de

599.863,23€ dentro das axudas ás corporacións locais e empresas públicas municipais para obras de accesibilidade e obras en infraestruturas deportivas relacionadas con competicións de carácter internacional.

A subvención destinarase á reforma do Centro Municipal de Piragüismo Quique Míguez, sede do Club Kaiak Tudense que organiza anualmente ao Descenso Internacional do Miño, cuxas instalacións datan de 1987.

Xornada “Turismo para un crecemento inclusivo”

O Concello de Tui promoveu unha xornada titulada “Turismo para un crecemento inclusivo” con motivo do Día Mundial do Turismo o 27 de setembro, celebrada na Aula da UNED no antigo convento de San Domingos.

A actividade ten por obxectivo promover unha reflexión sobre as posibilidades de cara ao futuro post-covid, en particular ante os efectos socioeconómicos da pandemia, así como na procura de novos sectores de oferta turística, a promoción da competitividade

e a capacidade de recuperación mediante a diversificación e o fomento do emprendemento.

Esta actividade está organizada polas concellerías de Turismo e Camiño de Santiago e Formación, Emprego e Igualdade do Concello de Tui.

A peregrinación de León de Rosmithal chega á escola tudense

A Concellería de Patrimonio, Turismo e Camiño de Santiago do Concello de Tui vén de editar un caderno didáctico e un mapa para conmemorar o 555 aniversario do paso por Tui de León de Rosmithal camiño de Santiago de Compostela. Este material vai especialmente dirixido aos e ás escolares tudenses.

Foi en 1466 cando o nobre León de Rosmithal pasou por Tui, xunto a súa ampla comitiva, tanto

na viaxe de idade coma de volta da súa peregrinación á tumba do apóstolo Santiago en Compostela.

O obxectivo desta edición é a difusión do fenómeno da peregrinación xacobea e os valores que representa entre os cidadáns tudenses, especialmente os menores, para consolidar a tradicional hospitalidade tudense cara aos peregrinos e posicionar ao noso municipio nos Camiños de



Santiago. Este material conta co deseño e o debuxo do ilustrador tudense Andrés Lamas.

‘Mulleres Tudenses’, un libro para visibilizar ás mulleres de Tui



A Federación Pola Igualdade Das Mulleres Da Provincia de Pontevedra (Femupo) deu a coñecer o seu proxecto “Mulleres Tudenses”, impulsado pola Asociación Mulleres en Igualdade de Tui (Amei Tui), membro desta federación.

Esta iniciativa busca visibilizar o traballo e a aportación á súa contorna de diferentes mulleres tudenses co obxectivo de que as

novas xeracións coñezan casos reais e próximos que lles sirvan como referente.

A fórmula elixida para achegar as vidas destas mulleres tudenses contemporáneas ás novas xeracións é a través dun libro composto por entrevistas a cada unha delas. Entre as entrevistadas atópanse mulleres de todas as parroquias de Tui, mulleres próximas con moito que contar.

Mes de animación á lectura na Biblioteca Municipal de Tui

A Biblioteca Pública Municipal de Tui promove un mes de actividade de animación á lectura para todas as idades entre o mércores 22 de setembro e o 25 de outubro, no marco do Programa Ler Conta Moito da Concellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia.

A actividade comezou o 22 de

setembro coa presenza da escritora e contacontos Paula Carballeira. De seguido ata o 25 de outubro participarán escritores e escritoras como Caxoto, Antonio Giraldez, Anxo Moure, Carmen Domech, Conchi Regueiro e María José Areal e finalizará coa presentación do Club de Lectura da Biblioteca Municipal



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



O Concello de Tui reformará o Pantalán de Pescadores na desembocadura do Tripes con cargo a fondos europeos

O Pantalán de Pescadores de Tui, situado nas inmediacións do Centro Interfederado de Tui, na desembocadura do río Tripes vai ser recondicionado e remodelado dentro do proxecto “Río Miño: un destino navegable” aprobado polo programa Interreg V-A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP). As obras foron adxudicadas a empresa tudense Ronáutica Quality Marinas S.L por un importe de 47.884.30 €

A remodelación prevista permitirá o uso compartido desta infraestrutura para o atraque de barcos turísticos que naveguen polo Miño e os pescadores e particulares que utilizan actualmente este pantalán como punto de amarre.

As actuacións previstas dentro



deste Programa farán posible posicionar ao río Miño transfronterizo como un destino turístico de referencia, potenciando actividades de turismo sostible como rutas polo río que inclúan visitas a distintos puntos das beiras do Miño. Para acadar estes

obxectivos faise imprescindible a mellora da navegabilidade neste tramo, para o que, ademais doutra serie de actuacións, é necesario instalar pantaláns de atracada que faciliten o acceso ás diferentes zonas que se propón visitar.

O acceso á Praia Fluvial Areeiros na Veiga do Louro será mellorada polo Concello



A Praia Fluvial Areeiros na Veiga do Louro verá mellorada o seu vial de acceso de acceso ao areal a través dunha intervención que abarcará a superficie completa do camiño e que foi adxudicada a empresa Construcciones Castro Figueiro SLU por importe de 159.226,22€, IVE incluído. O foco da actuación busca o acondicionamento da vía, mantendo o seu percorrido e a súa

intersección coa senda peonil Tui-Caldelas. O prazo de execución das obras é de mes e medio.

Acondicionarase a pavimentación da vía e habilitarase un terreo próximo á praia como aparcamento. Usaranse pezas de ladrillo cerámico. No tramo rodado renovarase o pavimento de aglomerado asfáltico e formarase un pavimento de formigón para o tráfico peonil.

O nome de Gustavo Rodríguez figura xa na rúa Olímpicos Tudenses

Hai uns días tivo lugar na rúa Olímpicos Tudenses a recolocación da placa cos nomes dos deportistas tudenses que teñen participado nuns Xogos Olímpicos tras a incorporación do nome de Gustavo Rodríguez Iglesias, medalla de prata nos Xogos Paralímpicos de Tokio en Triatlón PTVI.

Foi o propio Gustavo Rodríguez, acompañado polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e membros da corporación municipal, e dos seus pais o encargado de descubrir a placa.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, lembrou a colocación da placa en novembro de 2012 para homenaxear aos deportistas tudenses que teñen participado nuns xogos olímpicos, un total de oito na actualidade. Indicou o rexedor que “ogallá teñamos que redescubrir esta placa moitas veces e seguir engadindo nomes,



porque iso é moi positivo”. Tivo palabras de agradecemento para Gustavo Rodríguez, e os deportistas que levan o nome de Tui en competicións tanto a nivel nacional coma internacional “nos sentimos sumamente orgullosos do seu traballo e de todos aqueles que participan no mundo do

deporte, tanto os deportistas, coma das moitas persoas que de forma totalmente altruísta fan o traballo de dirixir clubs, de adestrar, que dedican moitas horas da súa vida, para que o deporte tudense estea no nivel na que está e do que nos sentimos moi orgullosos”.

O Concello de Tui presente na LXIII Semana Verde de Galicia



O Concello de Tui contou cun stand propio na LXIII edición da Semana Verde de Galicia que se celebrou no recinto feiral de Silleda. Este certame multisectorial contou coa presenza directa de 389 empresas e institucións procedentes de seis países. O amplo programa tivo tamén certames paralelos e ata 130 actividades programadas para os tres días de feira.

A presenza tudense serviu para difundir os importantes re-

ursos patrimoniais, naturais e turísticos do noso territorio con especial relevancia para a condición de Tui como porta de entrada dos Camiños Portugueses en Galicia.

O concelleiro de Patrimonio, Turismo e Camiño de Santiago, Laureano Alonso, valorou moi positivamente a presenza do noso concello nesta feira que reuniu a milleiros de visitantes e onde se presentou a oferta turística da nosa cidade e o seu municipio.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda acolle unha Formación sobre “Planificación Estratéxica Empresarial”

Contou coa participación de empresarios, profesores e alumnos do IES A Sangriña da Guarda.

N a tarde do mércores día 29 de setembro de 2021 o Salón de Plenos do Concello da Guarda acolleu a sesión de formación sobre “Planificación Estratéxica Empresarial” enmarcada no proxecto Atlantic Culture Scape.

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e o Concelleiro de Turismo, Rafa Álvarez, deron a benvinda a esta sesión formativa, facendo fincapé na necesidade de promover e crear itinerarios turísticos ligados ao patrimonio cultural inmaterial existente no municipio.

Ao longo desta xornada os participantes traballaron conxuntamente sobre como (re)definir obxectivos empresariais, emprender iniciativas de negocio, procurar novos mercados de comercialización e deseñar plans de acción para adaptarnos aos novos tempos. Esta formación será complementada por un seguimento personalizado para aquelas empresas

e asociación que o soliciten.

Este curso forma parte dun plan formativo promovido desde o proxecto Atlantic CultureScape, xestionado pola Universidade de Vigo. Levaranse a cabo diversas xornadas formativas dirixidas ao Sector Turístico e do Patrimonio Cultural co fin de fortalecer o tecido empresarial e asociativo. Realizaranse diversos cursos ao longo dos próximos meses sobre estratexias de comercialización turística.

O Proxecto Atlantic Culture Scape

Nos últimos anos, o elemento “inmaterial” do Patrimonio Cultural ten recibido pouca atención no Espazo Atlántico. O proxecto Atlantic CultureScape propónse abordar esta cuestión a través da identificación e valorización do desfrute de auténticas experiencias relacionadas co Patrimonio Cultural Inmaterial. Reunindo sete entidades transnacionais asociadas, o proxecto decorrerá até Setembro de 2022 e é cofinanciado polo Programa INTERREG Espazo Atlántico, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Inicialmente foi realizado un



estudo do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) en todo o Espazo Atlántico, a fin de fornecer principios orientadores para o crecemento económico sustentábel. O proxecto céntrase na protección e evolución do PCI, así como no seu desenvolvemento. A creación de produtos innovadores e dunha Ruta no Espazo Atlántico, apoiada por un programa de comercialización transnacional, fomentará un maior recoñecemento e visibilidade do Patrimonio Cultural Inmaterial. A identificación de auténticas experiencias culturais, enraizadas en cada unha das rexións implicadas, terá unha influencia significativa no número de visitantes e turistas. Así mesmo, preténdese estimular

a actividade económica, creando novos negocios e aumentando o número de postos de traballo no sector servizos.

Entidades socias do proxecto

Está formado por 7 entidades e 12 organismos asociados ao longo do Espazo Atlántico. Cada socio/a lidera un paquete de traballo (PT) e, en conxunto, conforman o proxecto Atlantic CultureScape: Newry, Mourne e Consello Distrital de Down (Irlanda do Norte), Brecon Beacons National Park Authority (Gales), Gobierno Reginonal de Cantabria, Universidade de Vigo, Cork Institute of Technology (Irlanda), Agencia Andaluza de Industrias Culturales e Municipio de Rio Maior (Portugal)

Taller FANZINE para a mocidade

A Asociación Érguete Baixo Miño informou da impartición dun Taller gratuito para a Mocidade, entre 16 e 30 anos, para a elaboración, publicación e divulgación dun Fanzine. As prazas son limitadas respectando o aforo e as medidas sanitarias actuais.

O formato Fanzine é unha publicación artística que permite difundir ideas cunha total liberdade de expresión. Trátase dunha ferramenta de empoderamento persoal que fortalece a autoestima e o coñecemento persoal. O obxectivo é fomentar a expresión, a creatividade e a innovación, así como promover hábitos saudables e de prevención de condutas de risco.



A GUARDA

“Un home con lentes de pasta” abrirá a tempada teatral no Centro Cultural

Un total de 5 propostas culturais entre outubro e decembro e que terán lugar no Centro Cultural con inscrición previa.

O 9 de outubro chega a Guarda á peza teatral “Un home con lentes de pasta”, unha comedia negra que versa sobre as relacións humanas, a presión das conviccións sociais, da necesidade de contar historias, de escoitalas e de formar parte delas. Todo elo da man de múltiples influencias e mestura de xéneros que xogan entre a comedia, o absurdo, o suspense...resultando ao fin un espectáculo xenuíno e divertido pero cunha segunda capa de profundidade sobre a constante necesidade de parecer, e non tan só de ser.

A peza orixinal, escrita por Jordi Casanovas, foi estreada en Barcelona no 2010, acadando o premio da crítica Serra D'or ao mellor texto teatral, o de mellor espectáculo nos premios Time Out no 2011, o premio Mi Butaquita de mellor obra no 2014 e estivo nomeada ao mellor texto catalán nos Premios Max do 2011. Tras este percorrido e 10 anos despois, Redrum Teatro adaptou a peza para iniciar unha xira polos teatros galegos, poñendo a Alex Sampaio na dirección e na escena a actores ben coñecidos polo público galego



como Sheyla Fariña (Acacias 38 ou Serramoura), Fernando González (Valeria), Guillermo Carbajo (Noiteboa, Contos do Recreo, Pratos Combinados) e Laura Míguez (María Solinha)

Representarase na Guarda o sábado 9 de outubro ás 20:00h. Como ven sendo habitual é obrigado a reserva previa en: <https://www.eventbrite.es/e/181675585567>.

PROGRAMACIÓN CULTURAL DE OUTONO

Esta comedia é a primeira das propostas teatrais que compoñen a programación de Outono 2021 (para público adulto), que se caracteriza nesta ocasión pola variedade de xéneros e propostas. Así no mes de novembro, o día 19, a obra “Illas

Desertas” da compañía tudense Artesa&Cía, romperá as conviccións do teatro cunha obra interactiva, moi contemporánea, con moito peso das novas tecnoloxías, que sen dúbida sorprenderá ao público guardés. E no mes de decembro, o venres 10, unha proposta de teatro musical que nos trasladará ao mundo das cupletistas, do cabaré e da Galicia urbana de 1921 coa obra “O Candil. Un musical galego”, da compañía coruñesa Escola Galega de Teatro Musical,

Mais non só o teatro encherá o Centro Cultural, xa que tamén se unen propostas que nos achegan a poesía, a nosa literatura e a vangarda cultural. Tal é o caso do espectáculo “Entre o Caravel e a Rosa” que o 1 de outubro, se representou no Salón de Actos e que indaga na figura e obra de Emilia Pardo Bazán. Ou a proposta “Algo que levar a boca”(22 de outubro), que rescita ao Colectivo Rompente que con Antón Reixa á cabeza buscaba nos anos 70 e 80 novos modos de vangarda cultural innovando coa poesía, a imaxe a música. Sen dúbida unha proposta interesante para rescatar cara o presente eses momentos de procura de novos formatos que se dera moitísimo no tempo da Transición.

Plataforma Hostalería Guardesa: “O Novo Plan de Hostalaría Segura obriga ao sector a traballar na ilegalidade”

A Plataforma Galega en defensa da hostalaría lamenta que as medidas se adoptaran sen o consenso maioritario do sector.

Entre os requisitos para acceder ás distintas clasificacións, é de obrigado cumprimento “asegurar a formación do persoal traballador segundo os contidos marcados pola Dirección Xeral de Saúde Pública...”. A Xunta de Galicia esixe traballar nunha situación ilegal dende o 15 de setembro, obrigando a realizar unha declaración responsable desta cuestión. A inseguridade creada froito da

improvisación do goberno da Xunta é inaceptable.

A situación é grave pois a propia natureza do Plan busca responsabilizar ao sector hostaleiro, unha vez máis, das diferentes restricións, “segundo o seu nivel de compromiso”. É intolerable, xa que este sector ten máis que demostrado a súa responsabilidade coas distintas restricións.

Agardamos que o goberno galego recolla este malestar xeneralizado no sector e se aveña en consensuar, definitivamente, un Plan consonte co contexto real no que nos atopamos.

O Concello da Guarda conta cun novo escenario de plataforma baixa e 150 cadeiras para eventos

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Cultura, ven de mercar un escenario de plataforma baixa e 150 cadeiras grazas ao remanente do Plan Concellos 2019 da Deputación de Pontevedra por un valor de 11.912,14€.

O escenario é un GUIL modular cunhas dimensións máximas de 48m2(8x6m) con patas telescó-



picas regulables en alturas comprendidas entre os 40 e 60cms, que permiten adaptalo a diferentes espazos.

o remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimax

Rosalía de castro,61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O Castelo de Soutomaior clausurou a I edición de "Descrúbeas"

A Explanada dos Plátanos do Castelo de Soutomaior acolleu a gran gala que porá o broche á I edición do programa Descrúbeas, que promoven a Deputación de Pontevedra e Regalamúsica, proxecto de empoderamento e de xénero no ámbito musical.

O evento contou coa actuación de Guadi Galego e Woyza. A presidenta da Deputación, Carmela Silva, cualificou de “extraordinarios” os resultados da actividade na que oito mozas foron as protagonistas. Trátase de Inés Cor-



tegos (Pontevedra), Aroa Ferreiro (Vigo), Sara Sanmartín (Pontevedra), María Ferreirós (Vigo), Xia

(Uxía González, de Salceda), Law (Laura Martínez, de Vigo), Alicia Moreira (Poio) e Eva Pico (Marín).

108.000€ para proxectos de igualdade con 28 entidades pontevedresas

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou subvencións a 28 entidades de iniciativa social por valor de 108.000 euros para proxectos de igualdade.

As entidades beneficiadas están localizadas en Lalín, Silleda, Vilagarcía de Arousa, Vilanova

de Arousa, Cambados, Cuntis, Pontevedra, Cangas e Vigo.

A Deputación leva destinados no que vai de ano 370.000 euros a axudas para programas de igualdade. Ás subvencións aprobadas nesta última sesión da Xunta de Goberno súmanse aos 320.000 euros concedidos a todos os con-

cellos de menos de 20.000 habitantes para accións deste tipo. Tamén se suman ás nominativas destinadas a entidades da provincia que desenvolven actividades particulares de defensa e igualdade da loita contra as violencias machistas e que ascenderon a 32.000 euros.

Programa Deporte-Escolas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra pon en marcha unha nova edición do programa Deporte-Escolas, que desenvolve en colaboración coas federacións deportivas, para promover o desenvolvemento da práctica da actividade física escolar. Crianzas en idade escolar que residen na provincia.

O prazo de inscrición e as bases desta iniciativa xa están publicadas no Boletín Oficial

da Provincia, desde o 21 de setembro.

Cun orzamento para este 2021 de 330.000€, as Deporte-Escolas abranguen nove modalidades: atletismo, baloncesto, balonmán, judo, loita, patinaxe, piragüismo, rugby e taekwondo. As escolas comezarán o 13 de outubro e finalizarán en maio, excepto a de piragüismo, que polas súas características técnicas terá un período lectivo diferente.

Vendimia na finca do Castelo de Soutomaior

O 22 de setembro arrancou a vendimia nas catro hectáreas de viñedos da finca do Castelo de Soutomaior, unha recolección da uva que este ano realiza a adega Enoturismo Acha SL, de Baión, que foi a adxudicataria da poxa da Deputación de Pontevedra, cunha oferta de 1,36 euros por quilo de uva albariña recollida e de 1,1 euros para as outras va-

riedades brancas (godello e torrontés).

Prevese recoller ata 15.000 quilos entre uva albariña e variedades en dúas xornadas, na que participaron 25 persoas traballadoras. Os viñedos do Castelo de Soutomaior foron plantados na década de 1980, cando a Deputación de Pontevedra se fixo cargo da fortaleza e os seus xardíns.

Deputación esixe á Xunta o retiro inmediato do anteproxecto da Lei de Auga

Trala reunión celebrada na sede da EGAP en Santiago sobre a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, o deputado Carlos Font instou á Xunta de Galicia a que

retire “de inmediato” o seu anteproxecto de lei.

Carlos Font acusou á Xunta de “intentar enganar á cidadanía, ás empresas e a concellos e deputacións cun anteproxecto

que só agocha a falta de planificación do goberno galego que xamais tivo políticas de auga e que agora o que intenta é pasarlle a pelota ás entidades locais”.

Deputación apoia a Declaración de Bilbao sobre mobilidade urbana sostible

A Deputación de Pontevedra adheriuse á II Declaración de Bilbao, “Cara unha Mobilidade Urbana máis Sostible”, cun acordo que foi aprobado unanimemente polo

Pleno provincial.

Este pacto local consta de 13 obxectivos pola mobilidade e é froito do último Congreso SUM (Sustainable Urban Mobility) celebrado en Bilbao en 2019. A

presidenta da Deputación, Carmela Silva, anunciou que está de acordo “ao 85%”, polo que anunciou achegas o ano próximo, cando se celebre a terceira edición do congreso.

Proxecto "Practicum" de saúde mental entre a Deputación e FEAFES

A deputada Ana Laura Iglesias e o deputado Santos Héctor Rodríguez visitaron as instalacións da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidades Mentais (FEAFES), coa que a institución colabora cunha achega de 20.000 euros para a posta en marcha do seu proxecto “Practicum”.

A través desta iniciativa iniciada en 2011 e subvencionada pola Deputación de Pontevedra, estanse a beneficiar 15 persoas de toda a provincia, aínda que

os principais municipios de actuación son Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Redondela, Vigo, Cangas, A Guarda, Baiona e Ponteareas. As súas actividades teñen lugar na delegación de FEAFES Vigo e nas empresas onde se realizan as prácticas.

FEAFES, Federación de Asociacións de Familiares con Enfermidades Mentais, constituíuse en 1995, agrupa a 12 asociacións repartidas por toda Galicia, está presente activamente en preto de 30 localidades e representa ás máis de 80.000 persoas doentes.

O mestre do xadrez, Anatoly Karpov, "revolucionou" Vigo

Disputou unha histórica partida co alcalde Abel Caballero nun taboeiro xigante

Por Roberto Mansilla Blanco

O campión mundial de xadrez, o ruso Anatoly Karpov foi o convidado de gala na celebración do 50º aniversario do Centro Comercial Travesía de Vigo os días 24 e 25 de setembro, para participar no torneo Travesía Vigo Master Chess 2021.

Karpov, nado en 1951 na entón URSS, foi campión mundial entre 1975 e 1985, así como campión mundial na versión da Federación Internacional de Xadrez (FIDE) entre 1993 e 1999. É considerado un gran mestre internacional desta disciplina, gañando 160 torneos internacionais en solitario ou ben

compartindo o primeiro lugar.

Debe igualmente destacarse que Karpov tamén ten realizados outras actividades fóra da súa disciplina deportiva. Foi deputado na Duma (Parlamento ruso), presidente do Foro Internacional para a Paz, embaixador da UNICEF e presidente da Comisión de Danificados do desastre nuclear de Chernóbil.

Pola súa traxectoria, especialmente durante o período soviético, recibiu a Orde de Lenin e a Bandeira Vermella da Orde do Traballo e xa posteriormente o Diploma Honorario do Parlamento ruso e a Condecoración da Igrexa Ortodoxa Rusa.

Vigo, centro mundial do xadrez

A súa visita a Vigo xerou unha enorme expectación social e mediática. Numerosos vigueses achegáronse ao CC Travesía de Vigo para compartir en persoa con Karpov e ver a súa exposición fotográfica persoal, onde podían apreciarse gráficas da súa vida, dende a súa infancia, os seus comezos no xadrez, os seus primeiros triunfos ata converterse en campión mundial e, principalmente, os seus míticos duelos con Gary Kaspárov na década de 1980, nun momento histórico non só para o xadrez senón tamén no marco da "guerra fría" e dos aires reformistas da Perestroika e da Glásnot impulsados por Mijaíl Gorbáxov na ex URSS.

En Vigo, Karpov participou en partidas simultáneas con escolas de xadrez viguesas, nas que participaron uns 40 xogadores, mantivo un encontro cos medios de comunicación e asinou persoalmente obxectos de xadrez a centenas de vigueses que se achegaron ao Carrefour do CC Travesía.

O duelo Karpov-Caballero

As partidas simultáneas realizounas Karpov no taboeiro xigante coa participación do primeiro finalista do torneo celebrado no



CC Travesía, o serbio Aleksa Stricovic, radicado na Coruña desde fai case tres décadas.

Finalmente, veu o momento culminante da súa visita: a partida de xadrez, enmarcada nun taboeiro xigante, co alcalde vigués Abel Caballero. O pasado 29 de xullo, con motivo deste Master Chess, Karpov retou a Caballero a realizar esta partida.

Foi este 25 de setembro cando finalmente disputouse nun marco igualmente significativo: o taboeiro de xadrez máis grande do mundo, pendente de certificación de récord Guinness, composto por pezas movíbeis de material reciclado e granito feito en Galicia.

Para outorgarlle unha pizca máis ao histórico momento, Karpov e Caballero reproduciron en Vigo unha partida disputada no Campionato do Mundo de Xadrez celebrado en Filipinas en 1978, na que Karpov enfrontou entón a un exiliado ruso en Suíza, Viktor Kochnoi.

Deste feito, Karpov e Caballero

disputaron a súa partida de xeito tradicional, sentados nunha mesa fronte ao taboeiro. Karpov utilizou as pezas brancas e Caballero as negras. Persoal de organización e nenos que tamén participaron nas partidas simultáneas movían as pezas dentro do taboeiro xigante, de acordo aos movementos que realizaban Karpov e Caballero. Por certo, a partida de xadrez Karpov-Caballero rematou en empate.

Antes da partida, Caballero recoñeceu haber "adestrado moito", e que é un gran aficionado ao xadrez "desde os cinco anos". Aproveitando a visita de Karpov, o rexedor vigués anunciou a súa intención de celebrar en Vigo un Campionato Mundial de Xadrez.

Como dato anecdótico, Karpov mantén o récord Guinness como a persoa que máis asinaturas persoais ten realizado nun só día. Foi en 25 de outubro no marco do III Festival de Xadrez de Cidade de México, onde Karpov asinou un total 851.000 exemplares da súa biografía escrita por David Llada.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNS
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

BAIXO MIÑO

Convenio entre o Concello de Tomiño e a Agrupación Musical de Goián

O Concello de Tomiño asinou coa Asociación Sociocultural de Goián, á que pertence a Agrupación Musical de Goián, un histórico convenio de colaboración polo que se compromete a participar no seu financiamento cunha subvención por valor de 25.000 euros.

Un dos piares fundamentais da agrupación, creada en 1988, é o labor realizado na Escola de Música, un ente que este ano se atopa en trámites para ser recoñecido pola Xunta de Galicia como Escola de Música Oficial. Na actualidade contan con máis de 140 alumnos e alumnas.

A subvención servirá tamén para financiar a realización de concertos de diversa índole, a



participación en certames competitivos a distintos niveis, a participación en festivais organizados por outras asociacións, a realización de eventos culturais

ou a organización do Campamento Musical no verán (que gozou este ano de enorme éxito de participación), entre outras actividades.

Servizo de Transporte desde Oia ao IES A Sangriña o curso 2021/2022

O Concello de Oia informou dos horarios do servizo de transporte ao IES A Sangriña (A Guarda), que funcionarán este curso escolar 2021-2022.

A liña da empresa Lugove que dará o citado servizo será a "ruta XG8836601 IES A Sangriña-San Xian-Oia-Pedornes-Burgueira-Loureira", con horarios de luns a venres.

O transporte entre Oia e o IES da Sangriña está operativo desde a aprobación, o pasado ano, do Plan de Transporte Público de Galicia.

Toda a información sobre liñas e horarios da empresa de transporte Lugove con orixe ou destino Oia está dispoñible na web

bus.gal e tamén na seguinte liazón da web municipal: <http://www.concellodeoia.es/documentos/linas-transporte-oia-lugove/>

As persoas mozas menores de 21 anos que así o desexen, poden solicitar unha tarxeta para beneficiarse de viaxes de balde no transporte público de Galicia. Concretamente, a "Tarxeta Xente Nova" que permite realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas.

Todos os veciños e veciñas de Oia que queiran consultar algunha dúbida relativa á tarxeta ou á súa tramitación, poden contactar co servizo de AEDL do Concello no teléfono 986.36.21.25.

"Vive Nigrán" revalida o seu compromiso coa sostibilidade

O compromiso do "Vive Nigrán" coa súa contorna e coa sostibilidade está plasmado na escultura "Balmi", unha doazón do Festival integrado na marca Rías Baixas Fest da Deputación ao Concello de Nigrán e que xa loce na rotonda máis próxima ao campo de Monte Lourido en Praia América.

A escultura foi elaborada polo equipo artístico Retoque Retro con 400 quilos de plásticos e residuos recollidos nas praias do litoral galego e tamén nas accións organizadas na sección Vive Sostible do evento.

"Balmi" está elaborada a tamaño



real dunha cría de cachalote, e está construída con paos de bateas, caixas de pescado, bidóns ou nasas plásticas entre outros materiais. O recubrimento elaborouse con botellas, tapóns, restos de xoguets

e trouzos de nasas que chegaron ás costas. A maior parte do lixo empregado, un 90%, é mariño e o restante 10% urbano, con botellas e tapóns proporcionados pola veciñanza da zona.

O documental "Do Mosteiro a Santiago" viaxa por Galicia

O proxecto "Do Mosteiro a Santiago", unha iniciativa de Finca Moreiras organizada polo Concello de Oia e beneficiaria do programa O teu Xacobeo, segue a dar pasos adiante nos seus obxectivos de unir a posta en valor do patrimonio, a promoción e difusión do cabalo de pura raza e a creación de oportunidades.

A través dun vídeo-documental, o proxecto difundirá a súa experiencia por distintos centros galegos que traballan con persoas con diversidade funcional. Esta iniciativa desenvolveuse o pasado mes de outubro e nela

participaron un centenar de usuarios e usuarias das asociacións Avelaíña, Arela, Aceesca, Juan María e San Xerome; os cales fixeron varias etapas da ruta xacobeá entre Oia e Santiago acompañados por cabalos de Finca Moreiras.

A saída desde o Mosteiro de Oia, os distintos tramos percorridos por cada un dos grupos, a chegada a Santiago, as experiencias vividas polas persoas participantes e a especial relación forxada entre elas e os cabalos de pura raza galega quedaron documentadas nun vídeo elaborado por Ollomol Audiovisual.



Primeira competición no novo skatepark de Tomiño

O novo skatepark de Tomiño, un dos maiores da provincia e situado na Alameda de Goián, acollerá o sábado día 9 a súa primeira competición deportiva. O novo espazo, inaugurado a fin de semana pasada, acollerá a deportistas de todas as idades dentro da xornada Eruptiom Jam que organiza o colec-

tivo local OG Rippers.

A xornada comezará ás 11.30 horas cun taller de skate ao cargo de Viejo Lobo School, unha das escolas con máis renome na provincia, no que as persoas que non estean familiarizadas co deporte poderán aprender os seus primeiros trucos. Ás 12.30 horas comeza a competición

para menores de 14 anos e cando remate, ás 14.00 h, será o momento do pícnic na fermosa contorna da alameda de Goián. Ás 16.30 horas volverá a competición ao skatepark coa quenda das persoas adultas, ás 20.30 h será a cea e a xornada rematará ás 21.00 h cunha festa no Centro Goianés.

Os ponteareáns Pablo Cabana, Iria Lemos e Sofía Carballo, deportistas promesas de Pontevedra

A natación continúa a deixar recoñecementos para o deporte de Ponteareas. Os nadadores do Club Natación Ponteareas Pablo Cabana, Iria Lemos e Sofía Carballo acaban de ser recoñecidos como deportistas promesas 2021 pola Deputación de Pontevedra. O ente provincial anunciou estes recoñecementos, que veñen acompañados dunha bolsa económica, para protexer e impulsar a práctica deportiva, especialmente na mocidade, dos e das deportistas que compiten en altos niveis.

O concelleiro de Deportes, Miguel Bouzó, non quixo perder “un recoñecemento tan importante para o noso deporte”, e acompañounos ao acto que organizou a Deputación de Pon-

tevedra para recoñecer a todos e a todas as deportistas promesas. “No Concello estamos moi orgullosos de Pablo, Iria, e Sofía, así como do conxunto do Club Natación Ponteareas polo seu traballo, os seus valores, e o seu bo facer como embaixadores da nosa vila”, destacou Bouzó ao tempo que indicou que “este premio é un exemplo máis de que Ponteareas é un dos grandes centros deportivos de Galicia”

Pablo Cabana é campión de España en diferentes probas e categorías, integrante da selección española de augas abertas, foi ademais o primeiro nadador do Club en obter un récord nacional, mellor marca de España categoría infantil en 3.000 metros libres.

Iria Lemos é subcampioa de España infantil en 50 (con mellor marca galega de 15 anos) e 100 metros libres. Ademais da recente medalla de Bronce nos 5km na categoría infantil na etapa final da Copa de España de augas abertas, a semana pasada competiu como parte do equipo español de natación de augas abertas na Mediterranean Open Water Swimming Cup na localidade chipriota de Larnaca, onde o equipo acadou a primeira posición feminina conxunta. Lemos quedou en quinta posición despois dunha proba de 5km moi disputada.

Sofía Carballo é campioa de España infantil de 100 e 200 braza e posúe a mellor marca galega na súa idade (15 anos) en ambas probas.



O concelleiro de Deportes, Miguel Bouzó, acompañou aos nadadores do Club Natación Ponteareas no recoñecemento que lles concedeu a Deputación






LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

Ponte...nas Ondas! recibe o Premio Meendinho 2021

Ponte...nas ondas! recolleu este sábado 4 de setembro o premio da Fundación Meendinho 2021 na Arca da Noe en Vilar de Santos. No acto tamén se fixo entrega do premio 2020 que non se puido entregar debido á pandemia do Covid.

O premio foi concedido no mes de maio e a Fundación Meendinho xustificou a súa escolla porque Ponte... nas ondas! leva desde 1995 "promovendo a identidade cultural común galego portuguesa, desde unha perspetiva de integración europea".

Ponte...nas ondas é unha asociación cultural e pedagóxica, que leva a traballar desde 1995, envolvendo persoas e recursos pedagóxicos e de relacionamento de profesorado e alumnado entre



a Galiza e Portugal.

Promove desde 2002 ante os gobernos dos estados portugués e español a candidatura do Patrimonio inmaterial galego-portugués, que nace dun proxecto pedagóxico de escolas da euro-

región Galiza-Norte de Portugal.

Os premios Meendinho son un recoñecemento a persoas e entidades que teñen unha acreditada traxectoria na difusión cultural galego-portuguesa e na súa proxección internacional.

'Marín é música' celebrará a súa primeira edición o 9 de outubro



A primeira edición de "Marín é música" celebrárase o sábado 9 de outubro e contará co poeta e rapeiro madrileño Rayden como cabeza de cartel, quen presentará o seu único concerto en Galicia neste 2021.

A iniciativa, impulsada por PlayPlan Cultural coa colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e do programa

Xacobeo 21-22, pretende dinamizar o territorio con actividade musical durante o outono a través dunha cita que se presenta como imprescindible na axenda desta tempada.

Ademais de Rayden, nesta edición tamén estarán presentes García Mc, antigo membro da agrupación Dios ke te Crew, e Nación Quilombo coa súa fusión de ritmos do mundo.

IEM abre Concurso fotográfico "Paisaxe e Territorio"

O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) abriu a convocatoria para o concurso fotográfico "Paisaxe e Territorio", que pretende ser un punto de encontro para afeccionados á fotografía e sensibles ás temáticas relacionadas co medio, co entorno e o patrimonio natural, neste caso na serra do Galiñeiro e na serra da Groba/A Valga.

Nas bases do concurso valorárase a orixinalidade da proposta, capacidade para provocar emo-

cións cara á temática, calidade estética e técnica. As fotografías deberán ser orixinais e inéditas, en branco e negro ou a cor, en formato dixital en tamaño 30x45 cm (300 píxeles por polgada).

Os participantes poderán enviar dúas fotografías como máximo ao e-mail: oficina@iem.gal, cos seus datos persoais do autor/a (nome e apelidos, DNI e teléfono). O prazo para presentación de fotografías será ata 14 de novembro ás 24 horas.



Somos Ribadumia presenta queixa formal polos recortes no CPI Xulia Becerra Malvar

Somos Ribadumia e a ANPA dirixiuse formalmente ao Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, solicitándolle por escrito que de maneira inmediata procedera á reposición da praza de pedagogía terapéutica no CPI Xulia Becerra Malvar.

Co curso iniciado, a situación vólvese moi complexa, com-

plica a organización do calendario lectivo e deixa a esa trintena de nenos e nenas nun limbo no cometido de recibir atención. Neste sentido, Somos Ribadumia informou de ter constancia de que dende a Xefatura Provincial de Educación, ademais de manter unha postura de confrontación coa ANPA, néganse a dar ningunha explicación.

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Finca
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS GALICIA
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506